

Rogos e preguntas do Pleno de febreiro de 2022

Preguntas formuladas por Dona María Blanco Blanco.

Pregunta: Cal vai ser a programación cultural e as actividades para este Entroido 2022?

Resposta: o Concello organizará obradoiros para a cativada que terán lugar durante as mañás da semana, e actuacións das comparsas da vila tanto na carpa das Lagoas como polos lugares das diversas parroquias, e unha festa de disfraces infantil. O programa completo anunciarase nos próximos días na páxina web municipal.”

Pregunta: En abril do 2021 informouse aos veciños de Meiro da reforza do vial que leva proxectada unha senda de 2.5 metros. Cantas cesións de terreo son necesarias para que esta obra se execute? E a día de hoxe, que número de cesións conseguiu o Concello? Quixera unha cifra concreta.

Resposta: o alcalde e o concelleiro de mobilidade reuníronse o 24 de novembro do pasado ano co deputado Gregorio Asís co fin de aclarar diversas cuestións relacionadas coas cesións pendentes. A continuación, procedeuse a trasladarlle ao técnico municipal do Concello que elaborase un informe personalizado sobre o anteproxecto da Deputación para dilucidar se os terreos que se obtiveron hai preto de dúas décadas entre o Concello e a Deputación hoxe en día se poden considerar formalmente cedidos para así poder poñelos a disposición da Deputación. Resulta curioso que agora si, e non daquela, se lle solicite ao Concello a dispoñibilidade dos terreos; parece que antes se lles podían coller os terreos das veciñas e veciños sen consentimento expreso. O técnico municipal, temporalmente o único co que conta o Concello de Bueu e con multitude de asuntos pendentes por atender, e aínda recoñecéndolle a súa valía e compromiso, non pode actuar con maior axilidade, tendo en conta o volume total de asuntos a trámite e a súa prioridade. Neste sentido, cómpre indicar tamén que este técnico ten dereito ás súas vacacións e días de descanso e que, por outras razóns, non estivo traballando entre finais de decembro e comezos de xaneiro. Así e todo, tan pronto o técnico complete o mencionado informe coñeceremos en tempo real a cifra concreta en canto ao que vostede pregunta.

Pregunta: Alá por outubro de 2020, prognosticábase para finais de ano que a ordenanza das terrazas estivera lista. Con dous concelleiros con dedicación exclusiva vinculados con este tema parece increíble que en febreiro do 2022 e despois de preguntar a oposición varias veces por este tema non se saiba nada. Poden dicirnos en que data se vai presentar ou vai entrar en vigor a ordenanza das terrazas de Bueu? Quixera unha data concreta.

Resposta: O documento xa foi revisado e supervisado dende o punto de vista xurídico e administrativo polos técnicos e funcionarios implicados, a Técnica en administración xeral e a xefa de negociado respectivamente, quedando só a supervisión da parte técnica por parte do arquitecto técnico municipal que rematará nos próximos días. A continuación pasarase para a tramitación que corresponda por parte da secretaría municipal, co obxectivo de aprobala no período de tempo mais curto en que os demais asuntos a trámite permita.